

RISCOS ESPECÍFICOS PARA AS MULLERES



Mais alá dos riscos que afectan por igual os traballadores/as agrarios de ambos xéneros, compre facer fincaxe en toda unha serie de riscos específicos aos que están sometidos as mulleres que traballan na agricultura e na Gandería.

A análise destes riscos, frecuentemente ignorados ou subestimados en publicacións que analizan a problemática dos riscos laborais no agro, e de gran importancia, non só polo que supoñen os riscos en sí para as lábregas, senón tamén pola importancia cuantitativa e cualitativa que ten o feito de que a maioría das persoas que traballan no sector agropecuario galego señan mulleres.

TIPOLOXÍA DE RISCOS

1.) Nos períodos de idade fértil, embarazo, post-parto / lactación:

Neste período de idade fértil, embarazo e post-parto compre distinguir entre dous tipos de riscos : Os riscos físicos e os riscos biolóxicos

RISCOS FÍSICOS

- **VIBRACIÓNS** : É de especial importancia evitar nos desprazamentos e traballo con máquinas un exceso de ruídos e de vibracións, cuas consecuencias poden ser de especial gravidade durante o embarazo, chegando mesmo a supoñer situacións de abortos ou partos prematuros
- **RUIDOS** : Outro dos riscos físicos máis perigosos e frecuentes é a exposición a fontes de ruído, (p.e determinado tipo de maquinaria agrícola ou de transformación e tratamento dos produtos). Os elevados niveis sonoros que provocan estas máquinas, especialmente cando a exposición é prolongada e continuada no tempo pode mesmo ter consecuencias para o feto, polo que compre evitar a exposición prolongada e estas fontes de ruído.



- **MANIPULACIÓN DE CARGAS** : No referente as cargas pesadas como norma xeral compre evitar a manipulación de cargas pesadas e cando haxa que levantar excepcionalmente obxectos con un certo peso, e moi importante seguir as recomendacións que este mesmo Manual fai no apartado referente ao levantamento e manexo de cargas. Unha práctica incorrecta neste ámbito pode ter consecuencias perxudiciais para a evolución do embarazo, chegando mesmo a provocar unha lesión fetal e/ou un parto prematuro.
- **MOVEMENTOS/POSTURAS** : En traballos de longa duración e de posturas forzadas, e de vital importancia evitar a posición de pe ou sentada sen repousos e sen cambios de postura. A permanencia excesiva en posturas forzadas durante o embarazo e a consecuente ausencia de repousos, ten suposto un incremento de abortos, partos prematuros e de diminución do peso do recen nacido.
- **TRABALLOS NO INTERIOR** : As mulleres que traballan en espazos cerrados deben evitar a exposición a monóxido de carbono procedente de motores, tabaco, etc. Esta exposición pode afectar ao feto con efectos tóxicos.
- **TRABALLOS NO EXTERIOR** : E de especial importancia evitar a exposición ao calor, sobre todo para que non se produzan situacións de deshidratación. Por outra parte tamén hai que evitar o frío intenso e os cambios bruscos de temperatura (especialmente durante o embarazo e a lactación).

RISCOS QUÍMICOS/BIOLÓXICOS

No tocante aos riscos químicos e biolóxicos compre facer especial fincapé nos produtos perigosos e nas sustancias químicas que se manexan nos tratamentos fitosanitarios. O uso e manexo destes produtos especialmente perigosos durante o embarazo, postparto e lactación debe ser evitado ao longo dos citados períodos, moi especialmente cando así o sinala o manual de instrucións e a ficha de seguridade de tales produtos